

MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Nos seguintes apartados, detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente RPT, que foi publicada por Resolución do 27 de outubro de 2017 (DOG núm. 210, do 6 de novembro de 2017), xunto coas modificacións publicadas por Resolución do 26 de decembro de 2017 (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2018), por Resolución do 9 de abril de 2018 (DOG núm. 74, do 17 de abril de 2018), por Resolución do 13 de xuño de 2019 (DOG núm. 112, do 14 de xuño de 2019), e por Resolución do 31 de xullo de 2020 (DOG núm. 160, do 11 de agosto de 2020).

1. SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

A continuación expóñense os cambios propostos na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

Creación

Na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, no centro de destino Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico créase o posto de traballo Xefatura de Sección, co código FC.C02.00.003.15770.011, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e área funcional Técnico-Xurídica.

Amortizacións

Na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio suprímense os seguintes postos de traballo, que se consideran prescindibles nas súas unidades de orixe e que contribúen a unha mellor optimización dos recursos humanos:

- Posto Base Grupo A1, código FC.C02.00.000.15770.006.
- Dentro da Vicesecretaría Xeral suprímese o posto de traballo Xefatura de Negociado, código FC.C02.00.001.15770.045.
- Dentro da Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico suprímese o posto de traballo Xefatura Negociado, código FC.C02.00.003.15770.012.

Os ditos postos están actualmente vacantes.

2. INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A continuación expóñense os cambios propostos na Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Creación

Na Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural créase o posto de traballo Xefatura de Sección, co código FC.C03.00.020.15770.008, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral (XSF2 escala superior de finanzas, especialidade intervención, e XMF2 escala técnica de finanzas, especialidade contabilidade e intervención), e con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Amortizacións

No centro de destino Intervención Territorial de Pontevedra suprímese o seguinte posto de traballo, que se considera prescindible nas súas unidades de orixe e que contribúen a unha mellor optimización dos recursos humanos:

- Xefatura sección, código FC.C03.00.030.36001.011, actualmente non vacante (a persoa titular ocupa outro posto en comisión de servizos) e non ocupado.

Consta no expediente a correspondente comunicación ao persoal afectado pola amortización do seu posto.

3. DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

Creacións

Como consecuencia da creación da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, créase o dito centro de destino.

E dentro del créase o posto de traballo Secretario/a do/a Director/a Xeral, co código FC.C08.00.000.15770.001, de nivel 18, con forma de provisión libre designación, aberto aos subgrupos C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (A11), co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de perfeccionamento de galego (640).

4. DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

Na actualidade, cómpre realizar na Dirección Xeral da Función Pública as modificacións que se detallan a continuación.

De acordo co exposto na proposta da Dirección Xeral da Función Pública, para a actualización de datos da Xestión de persoal e de postos de traballo, así como para a coordinación entre o Rexistro Central de Persoal e as consellerías, propónse a creación no **Servizo de Actualización de Datos do Persoal** do posto Xefatura de Sección de Coordinación RCP.

Creación:

- Xefatura de Sección de Coordinación RCP, código FC.C06.00.000.15770.062, de nivel 25, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, corpo/escala Xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e área funcional Persoal.

Polo que se refire á **Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal**, o Servizo de Listas de Contratación Temporal ten encomendado o desenvolvemento dos traballos relativos á cobertura temporal de postos de persoal funcionario e laboral, en aplicación da norma que regula a dita cobertura, en particular a tramitación das propostas de cobertura e a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal para os servizos centrais e para os servizos periféricos. Territorialmente esta competencia xestiónase a través de cinco unidades administrativas, distribuídas a nivel central e provincial, competentes para dar resposta ás peticións de cobertura que se reciban. Estas unidades de tramitación de citacións e chamamentos están localizadas en Santiago de Compostela e nas catro capitais de provincia galegas.

Na modificación efectuada no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo Decreto 60/2019, do 23 de maio, nos seus artigos 14 e 16, salientase que nos chamamentos que se realizan aos integrantes das listas, substitúese a notificación polo sistema de correo postal polo emprego do sistema de notificacións electrónicas da Xunta de Galicia, Notific@. Adicionalmente, realízase unha comunicación persoal mediante SMS con acuse de recibo que poderá completarse co envío dun correo electrónico ás persoas aspirantes. Mediante este novo sistema, os aspirantes aos chamamentos acceden directamente ao contido íntegro das ofertas dos postos, seleccionan os postos ofertados por orde de prelación e válídanolos telematicamente. Aos seleccionados no chamamento facilitaráselle unha dirección web á que poderán acceder para comprobar se foron seleccionados para os postos ofertados e se foron seleccionados poden descargar a credencial de adxudicación de posto na dirección web ou directamente no enlace que se lle facilita mediante SMS.

Por Orde da Consellería de Facenda, do 1 de xuño de 2020, declárase a entrada en vigor o 15 de outubro de 2020 dos artigos 14 e 16 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo (DOG núm. 108, do 4 de xuño de 2020). A partir desa data o sistema de citacións postais coa comparecencia persoal dos citados nas dependencias administrativas das Unidades de Listas para a elección de postos foi substituído definitivamente polo sistema de citacións electrónicas con elección automatizada da oferta de postos, propoñéndose por este motivo a amortización dos postos de traballo que figuran nas unidades provinciais e centralizar a xestión das listas en Santiago de Compostela. O incremento de asignacións e citacións fai preciso a creación dunha unidade de citacións en Santiago de Compostela para a cobertura temporal de postos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación detállanse as modificacións, creacións e amortizacións que se van realizar na dita Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal.

Modificacións:

- A Xefatura de Sección Provisión I, código FCC060000315770012, pasa a denominarse Xefatura de Sección Listas I, código FCC060000315770046, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.
 - A Xefatura de Sección Listas I, código FCC060000315770047, pasa a denominarse Xefatura de Sección Provisión I, código FCC060000315770011, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ás súas características.
- Con estas dúas modificacións rectifícase un erro cometido na derradeira modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Facenda e Administración Pública, xa que o posto con código FCC060000315770047 é o que realmente está adscrito á Xefatura de Servizo de Concursos.

Creacións:

- Posto base subgrupo C2, código FC.C06.00.000.15770.022, de nivel 12, aberto ao subgrupo C2, corpo/escala Xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (A11), e co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de iniciación de galego (641).
- Posto base subgrupo C2, código FC.C06.00.000.15770.023, de nivel 12, aberto ao subgrupo C2, corpo/escala Xeral, con adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e outras comunidades autónomas (A11), e co requisito indispensable, para persoal doutra administración, de posuír o curso de iniciación de galego (641).
- Xefatura de Sección Listas II, código FC.C06.00.003.15770.048, de nivel 25, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, corpo/escala Xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado Listas III, código FC.C06.00.003.15770.052, de nivel 18, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, corpo/escala Xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado Listas IV, código FC.C06.00.003.15770.053, de nivel 18, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, corpo/escala Xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado Listas V, código FC.C06.00.003.15770.054, de nivel 18, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, corpo/escala Xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e área funcional Persoal.

Amortizacións:

Coa centralización da xestión das listas de contratación temporal nos servizos centrais, procede a amortización dos postos de traballo que figuran nas unidades provinciais:



- Xefatura de Negociado, código FC.C06.00.005.15001.015, vai quedar vacante, xa que a persoa titular, que actualmente ocupa o posto, obtivo outro posto no concurso de traslados de administración xeral F0219.
- Xefatura de Negociado, código FC.C06.00.005.15001.016, actualmente vacante.
- Xefatura de Grupo, código FC.C06.00.005.15001.020, actualmente vacante.
- Xefatura de Negociado, código FC.C06.00.005.27001.020, actualmente vacante.
- Xefatura de Grupo, código FC.C06.00.005.27001.025, vai quedar vacante, xa que a persoa que actualmente ocupa o posto obtivo outro posto no concurso de traslados de administración xeral F0219.
- Xefatura de Negociado, código FC.C06.00.005.32001.015, vai quedar vacante, xa que a persoa que actualmente ocupa o posto obtivo outro posto no concurso de traslados de administración xeral F0219.
- Posto Base Subgrupo C2, código FC.C06.00.005.32001.020, vai quedar vacante, xa que a persoa titular, que ten reservado o posto, obtivo outro posto no concurso de traslados de administración xeral F0219.
- Xefatura de Negociado, código FC.C06.00.005.36001.005, actualmente ocupado pola persoa titular.
- Xefatura de Grupo, código FC.C06.00.005.36001.007, actualmente ocupado por unha funcionaria interina.
- Subalerno/a, código FC.C06.00.005.36001.020, actualmente ocupado por un laboral fixo.

Estes postos de traballo amortízanse por supresión das unidades administrativas ou centro de traballo nesas localidades.

Consta no expediente a correspondente comunicación ao persoal afectado pola amortización do seu posto.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela.
O secretario xeral Técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro